

## **Estatística de Fluxos da Poboación Activa**

### **METODOLOXÍA**

#### **1. Obxectivos**

A Estatística de Fluxos da poboación activa (EFPA) representa o seguimento da poboación ou de grupos particulares dela ao longo do tempo, no que concirne á súa relación co mercado laboral. Toma como base a Enquisa de poboación activa (EPA), investigación por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral, elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) desde 1964 (a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase, para Galicia, unha mostra adicional recollida polo Instituto Galego de Estatística utilizando idéntica metodoloxía que o INE, co obxectivo de obter unha maior desagregación) .

A diferenza entre resultados trimestrais da EPA proporciona as variacións netas, pero non dá idea das diferenzas brutas que se esconden tras elas. Estimar as transicións brutas entre as situacións de ocupación, paro e inactividade dun trimestre a outro é o obxectivo da estatística de fluxos da poboación activa.

#### **2. Clase de operación**

A EFPA é un estudo lonxitudinal que aproveita a información dispoñible na EPA, vinculando os datos dados ao longo do tempo polas persoas entrevistadas e calculando novos factores de elevación.

#### **3. Ámbito de investigación**

##### **Ámbito poboacional**

A poboación obxecto de estudo da EFPA é a de 16 ou máis anos que reside en vivendas familiares, é dicir, as que son utilizadas todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente. Non se consideran nin os aloxamentos colectivos nin as vivendas secundarias ou de temporada. Non obstante si se inclúen as familias que, formando un grupo independente, residen nestes establecementos.

##### **Ámbito xeográfico**

A EFPA, do mesmo xeito que a EPA, cobre todo o territorio nacional e proporciona información por comunidades autónomas e provincias con distinto grao de desagregación.

##### **Ámbito temporal**

Distínguense os seguintes períodos de referencia:

- O período de referencia dos resultados da estatística é o trimestre. As estimacións exprésanse como transvasamentos entre a situación laboral que teñen as persoas no trimestre actual e no anterior.
- O período de referencia da información, como norma xeral, é a semana de referencia da enquisa ( a anterior á da entrevista na EPA segundo o calendario). Non obstante, hai preguntas con períodos de referencia especiais:
  - Os métodos de busca de emprego, as peculiaridades da xornada de traballo e as relativas a estudos en curso, refírense ás catro semanas anteriores á entrevista
  - A dispoñibilidade para traballar refírese ás dúas semanas seguintes ao domingo da semana de referencia
  - A idade do entrevistado refírese á que tivese o último día (domingo) da semana de referencia. O mesmo ocorre coa inscrición na oficina de emprego da Administración
  - Hai preguntas tamén sobre a situación laboral e de residencia hai un ano

#### 4. Variables de estudo e de investigación

A Estatística de fluxos da poboación activa non pode empregar todas as variables da EPA e ten que limitar a desagregación das que se empregan. Isto é debido a que a mostra da EFPA obtense mediante o cruce de dous ficheiros consecutivos da EPA, co fin de vincular as respostas dadas por unha mesma persoa en ámbolos dous períodos. Polo tanto, por unha parte, o tamaño da mostra será máis reducido que o da enquisa que lle serve de base e, por outra banda, os erros de cobertura, que nunha investigación transversal en xeral se compensan, nun estudo lonxitudinal non se contrarrestan.

A variable de estudo fundamental da EFPA é a **clasificación con respecto a actividade económica**, que se basea nas recomendacións da Organización Internacional do Traballo (OIT). Segundo ditas recomendacións, a **poboación economicamente activa** comprende todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Serán **ocupadas** as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron una actividade por conta propia.

Serán **paradas** as persoas de 16 ou máis anos que satisfagan simultaneamente as seguintes condicións:

- *sen traballo*, non tiveron un emprego por conta allea nin por conta propia durante a semana de referencia
- *buscando traballo*, tomaron medidas concretas para buscar traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse por conta propia durante o mes precedente
- *dispoñibles para traballar*, en condicións de comezar a traballar nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia

Tamén se considerarán paradas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar, pero que non buscan emprego porque xa atoparon un ao cal se incorporarán dentro dos tres meses posteriores á semana de referencia.

A poboación **economicamente inactiva** inclúe a todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas nin paradas durante a semana de referencia.

As principais **variables de clasificación** que se empregan na EFPA son as seguintes:

- Sexo
- Idade (grupos decenais)
- Nacionalidade (española, estranxeira)
- Grandes grupos segundo nivel de formación alcanzado
- Situación profesional dos ocupados (asalariados, resto de ocupados)
- Sector de actividade

## 5. Características e metodoloxía da Estatística de fluxos da poboación activa

Esta estatística ofrece estimacións de nivel representativas da poboación do trimestre en curso segundo a súa situación no trimestre anterior.

Considérase a parte de mostra común entre ámbolos dous trimestres. Concretamente, as persoas de 16 e máis anos que están na mostra en ambos trimestres; os que, estando nos dous trimestres, no de referencia teñen 16 anos e no anterior, 15; e, por último, aqueles que chegaron a Galicia nos últimos tres meses.

Calcúlanse factores de elevación, tomando como referencia a poboación no trimestre actual, mediante o procedemento habitual na EPA. Ademais, engádense neste procedemento, como novas variables de calibrado, os totais de ocupados, parados e inactivos por comunidades autónomas, tomando como fonte externa as estimacións trimestrais da EPA co obxecto de que os resultados sexan consistentes cos transversais da enquisa para estes totais.